



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE XULLO DE 2020

LICENZAS FAVORABLES.-

LIC/1652/2019.- Acórdase levantar o precinto das obras ordenado por Decreto do Concelleiro Delegado de Espazos Cidadáns e conceder licenza para reforma e acondicionamento de vivenda en planta segunda e baixo cuberta vencellado sito na rúa Xasmíns, 9.

LIC/2074/2019.- Acórdase conceder licenza e obras para tratamento de augas pluviais no lugar de Formarís, 60.

PARCELACIÓNS/SEGREGACIÓNS.-

LIC/1786/2019.- Acórdase aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de A Susana.

LIC/1810/2019.- Acórdase aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza de segregación dunha parcela sita en rúa Senande, 32.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación de actas de sesións anteriores. Apróbanse as actas anteriores.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao levantamento do precinto das obras ordenado por Decreto do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns e concesión de licenza para reforma e acondicionamento de vivenda en planta segunda e baixo cuberta vencellado, sito na rúa Xasmíns, 9.

LIC/1652/2019. Acórdase levantar o precinto das obras ordenado por Decreto do Concelleiro Delegado de Espazos Cidadáns e conceder licenza para reforma e acondicionamento de vivenda en planta segunda e baixo cuberta vencellado sito na rúa Xasmíns, 9.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para tratamento de augas pluviais no lugar de Formarís, 60.

LIC/2074/2019. Acórdase conceder licenza e obras para tratamento de augas pluviais no lugar de Formarís, 60.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de A Susana. LIC/1786/2019. Acórdase aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de A Susana.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza de segregación dunha parcela sita en rúa Senande, 32. LIC/1810/2019. Acórdase aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza de segregación dunha parcela sita en rúa Senande, 32.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á reclamación de cotas de comunidade ao Concello por parte da Comunidade de Propietarios da Urbanización A Barcia. PTM/159/2014. Acórdase inadmitir a solicitude. Argumenta que a administración soamente é titular provisional e con carácter formal dunhas parcelas para os efectos meramente de xestión urbanística, non lle corresponde proceder ao pago duns gastos da Comunidade de Propietarios Barcia. Os citados gastos con eficacia netamente civil, deberán, di, esixirse aos propietarios con carácter material, procedemento á busca e no seu caso á súa esixibilidade polas canles expresamente previstas na lexislación civil.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á denegación de subvencións ao abeiro da convocatoria de 19.10.18.fases 7 e 8 da área de rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre. Acórdase a perda do dereito á subvención de distintos solicitantes, por non cumprir un dos requisitos necesarios para a aprobación inicial da axuda: contar coa cualificación provisional. Acórdase, ademais anular esta operación contable e repoñer este crédito noutra aplicación orzamentaria por importe de 99.845,95 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á autorización da cesión temporal de diversos documentos do concello, depositados no arquivo Histórico Universitario, á fundación CIDADE DA CULTURA DE GALICIA para a mostra “GALICIA: de NÓS a nós”. Acórdase:

1. Autorizar a cesión temporal (préstamo temporal) de catro documentos do Concello de Santiago de Compostela depositados no Arquivo Histórico Universitario. Son:
 - a. Expediente de licenza de obras da Rúa do Vilar, 15 do ano 1936.
 - b. Impreso de contribución industrial de D. Ánxel Casal de 1933.
 - c. Plano de situación do proxecto de urbanización do Ensanche e Residencia de Estudantes do ano 1935.
 - d. Folleto pro residencia universitaria
2. A cesión temporal de bens suxéitase ao cumprimento das seguintes condicións: so se poderán exhibir no referido proxecto expositivo; o préstamo comprende desde o momento de recollida dos bens ata a súa entrega; o Arquivo Histórico responsabilizarase da entrega e da recollida comunicándollo ao concello; e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia garantirá a adecuada conservación dos documentos e responderá da súa seguridade e vixilancia.

9.- Proposta da alcaldía relativa á modificación de titularidade das casetas NC90-NC91-NC92 e NC93. Autorízase o cambio de titularidade.

10.- Proposta da alcaldía relativa á rectificación de erros no punto 2.2 da sesión de data 11.5.20, da Xunta de Goberno. Rectifícase o erro no punto 2.2 relativo á validación de contratos de emerxencia.

11.- Proposta da alcaldía relativa á validación de decretos polos que se adxudican contratos polo trámite de emerxencia. Acórdase validar os seguintes contratos:

- “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Santiago de Compostela, adxudicado a Centros Comerciales Carrefour por un prezo máximo de 30.000 euros, IVE incluído o 14/05/2020.
- “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Santiago de Compostela, adxudicado a Día Retail España, por un prezo máximo de 20.000 euros, IVE incluído o 14/05/2020.
- “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Santiago de Compostela, adxudicado a Día SA por un prezo máximo de 20.000 euros, IVE incluídos o 14/05/2020.
- “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Santiago de Compostela, adxudicado a Mercartabria, SLU, por un prezo máximo de 30.000 euros, IVE incluído o 14/05/2020.
- “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Santiago de Compostela, adxudicado a Vego Supermercados SAU por un prezo máximo de 30.000 euros, IVE incluído o 14/05/2020.

12.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito:

- Gastos por prestación do servizo de xestión da Escola Municipal de Música, correspondente ao mes de xuño de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 19.300 euros a favor de Trobeiro, S.L.
- Gastos derivados da expedición de tarxetas de bonobús para pensionistas correspondentes aos primeiros meses do ano 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 1.429,68 euros a favor de UTE Tralusa.
- Gastos do servizo de lacería fora do horario e servizos veterinarios de urxencia, correspondentes aos meses de febreiro e marzos de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 11.018,26 euros a favor de Ethical Services for animals SL.
- Gastos derivados do servizo de limpeza e recollida de residuos e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 1.105.050 euros a favor de Urbaser.
- Gastos do servizo de parques e xardíns e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 163.401 euros a favor de Cespa.
- Gastos polo servizo de mantemento do túnel do Hórreo e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 42.738 euros a favor de Kapsch Trafficom Transportation

13.- Propostas de validación de facturas en concepto de contratos de emerxencia por mor do covid-19. Acórdase a validación de:

- As actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade

coa declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor dos terceiros, neste caso a favor de El Corte Inglés, SA, por importe de 4.216,79 euros.

- Gastos correspondentes aos meses de marzo, abril e maio, polo servizo de limpeza e desinfección de vehículos do parque móbil municipal na medida en que se corresponden na súa integridade co contrato de emerxencia, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor de terceiros, neste caso a empresa Compostela Car Service SL, por un importe de 2.492,60 euros.
- Gastos correspondentes a varias facturas de distintos provedores, todas elas en concepto de aloxamento de persoas sen fogar durante o estado de alarma derivado da COVID19, por importe de 4.079 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao inicio do procedemento de revisión dunha liquidación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (Plusvalía) e xuros de mora no expediente de comprobación limitada 000009/2009; en execución de sentenza de 3.3.20 do CA nº 1. Acórdase a execución da sentenza de 3 de marzo de 2020, de iniciar o procedemento de revisión da liquidación 1332613 de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía) e xuros de mora do expediente de comprobación limitada 000009/2009, dando audiencia á persoa interesada por un prazo de 15 días a efecto de que formule as alegacións e achegue os documentos e xustificantes que estime pertinentes.

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato baseado para a mediación dos riscos e seguros do concello de Santiago, lote I do acordo marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros pola Central de contratación da FEMP; e outros extremos. Acórdase adxudicar o contrato á única adxudicataria do Lote nº 1 do Acordo Marco para a prestación do citado servizo, a Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros SA, por un valor estimado de 32.798,17 euros e un ano de duración, prorrogable por dous períodos de un ano cada un, sen revisión de prezos.

16.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das listaxes definitivas de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, para o curso 2020-2021. Apróbase:

- A relación definitiva de admitidos/as excluídos/as e lista de agarda nas escolas infantís citadas, para o curso 2020/2021, na que se inclúen na listaxe de agarda as familias que, obtendo praza, quedan en lista na súa 1ª opción.
- A listaxe de agarda para o curso 2020/2021 para remitir á consellería de Política Social da Xunta de Galicia, aos efectos da tramitación do “Bono Concilia”. Nesta listaxe só figuran aquelas familias que, solicitando o bonno, quedaron en listaxe de agarda ao non ter unha praza nunha das tres escolas infantís.

17.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao prazo límite de presentación de traballos a XII edición dos premios EDUCACOMPOSTELA 2020. Acórdase fixar o prazo límite de presentación de traballos ao XII edición dos Premios Educacompostela 2020 para o 9 de outubro de 2020, mantendo o resto das bases da convocatoria inalteradas.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativo á aprobación do proxecto de reconstrución do muro na rúa Costiña do Monte. Acórdase aprobar o proxecto técnico construtivo dun **muro na rúa Costiña do Monte**, cun orzamento máximo de licitación de **107.083,34 euros** (IVE 21% engadido). A obra terá **un prazo de execución de 4 meses** e debera respectar as seguintes condicións:

- A reconstrución do muro de peche que dá fronte á Rúa Costiña do Monte farase recuperando a altura orixinal do muro derrubado, para enlazar correctamente as dúas partes do muro existente.
- Recuperarase todo o pavimento de lastro de granito con xunta vexetal existente na zona interior do parque e que resulte afectado polas obras.
- Porén, na zona de terreo de 60 cm. de anchura prevista ao longo da cara interior do muro de peche do parque, conservarase o acabado axardinado existente (limitándose o pavimento de lastro exclusivamente á zona onde xa existía este).
- A intervención afecta á rasante natural da zona interior do parque, reducindo a cota de terreo e facendo que o espazo afectado pola actuación quede máis oculto entre os muros de pedra (que conservan a súa altura orixinal). Por este motivo recoméndase que se estude unha actuación complementaria nesta parte concreta do parque de Bonaval, co obxecto de evitar que a nova configuración da zona se converta nun espazo residual do mencionado parque público.
- Con anterioridade á actuación deberase presentar un proxecto arqueolóxico que se adapte ao artigo 43.1 do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), e ao establecido no artigo 6 do Decreto 199/97 de 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á modificación e ampliación de aparcamentos en superficie en varios puntos da cidade. (zona 7 San Lorenzo e zona 6 Sar). Acórdase:

- A incorporación das rúas que se relacionan, coa concreción de prazas en cada unha delas na zona de residentes 7 de San Lourenzo (suman un total de 39 prazas)
 - 12 prazas na rúa Salvador Allende (no seu tramo final, fronte ao colexio Raíña Fabiola)
 - 18 prazas na rúa Entregaleras
 - 9 prazas na Rúa das Galeras (entre o cruce do Pombal e a rúa Presidente Salvador Allende)
- Incluír as seguintes prazas de aparcamento no Sistema de Regulación de Aparcamento ORA (suman un total de 34 prazas):
 - 6 prazas na rúa de Patrio de Madres, en réxime de curta duración
 - 9 prazas na rúa Concepción Arenal en réxime xeral
 - 19 prazas da ORA, en réxime xeral, na rúa Pitelos, que xa están funcionando dende o 23 de xuño

20.- Proposta do concelleiro delegado de Barrios relativa á autorización de cambio de titularidade do aluguer do local sociocultural e asociativo do barrio de San Pedro. Autorízase o cambio de titularidade.

21.- Aprobación da certificación de obra nº 10-final da renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Apróbbase a certificación de obra.

22.- Dar conta da resolución da Deputación Provincial da Coruña de aprobación da xustificación e pago ao concello de Santiago da subvención concedida para financiar

o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche durante 2019. Dase conta de:

- A aprobación da documentación presentada polo Concello de Santiago para a xustificación da subvención nominativa, por un importe total de gastos xustificadas de 180.045 euros.
- O aboamento da aportación concedida por importe de 144.000 euros.

23.- Dar conta do informe do vicesecretario relativo aos motivos da actuación municipal que deu lugar á queixa ante o Valedor do Pobo pola denegación da expedición dunha certificación de empadramento dun menor ao proxenitor que non ten a súa custodia. Dáse conta.

24.- Dar conta de sentenzas xudiciais. Dáse conta das seguintes sentenzas:

- Sentenza 373/2020, sobre execución de sentenza que declara exceso edificatoria na Rúa García Prieto, nº 9-11, e o conseguinte derrube. É favorable para o concello, recorrible en casación.
- Sentenza 51/2020, sobre cese de persoal eventual e pretensión de relación indefinida co concello, na que se argumenta que non queda probado que a demandante realizase tarefas propias de funcionaria.
- Sentenza 147/2020, sobre formalización do documento administrativo de cesión e reversión de ben inmovible. A sentenza, recorrible en casación, desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra unha sentenza do Contencioso-administrativo, que estima o recurso da Tesourería Xeral da Seguridade social, sobre a recuperación de locais cedidos para a execución do Centro de Saúde de Vite para a súa adscrición á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Sentenza 300/2020, sobre instrución interpretativa acerca do tipo de uso e requisitos para a lexítima implantación das categorías de apartamento turístico, vivenda turística e vivenda de uso turístico no termo municipal de Santiago. A sentenza, recorrible en casación, anula e deixa sen efecto o Decreto da Concellaría de Espazos Cidadáns de 23 de maio de 2018.

25.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dase conta.

URXENCIAS

1. Proposta de participación do concello no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de Fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal 2018-2019. Acórdase aprobar as solicitudes de financiamento e número de actuacións propostas polo Concello para cada un dos conceptos establecidos no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018/2021 correspondentes a rehabilitación (78 actuacións), edificación (9 actuacións, e equipo técnico xestión (87 actuacións); en cada un dos ámbitos declarados Área de Rehabilitación integral en Santiago de Compostela: Casco Histórico, Vista Alegre, Grupo de Vivendas Compostela e Quiroga Palacios; e Vite. Os custes totais das actuacións serían de 2.173.320,67 euros. As achegas das distintas administracións incluídas nos acordos bilaterias propostos polo Concello son:

- **Concello: 543.020,67 euros**
- **Xunta: 279.700 euros**
- **Ministerio: 784.600 euros**

Os outros 566.000 serían aportados polos propios promotores das distintas rehabilitacións. No apartado de edificación está previsto destinar, en caso de aprobalo Xunta de Goberno, 331.200 euros para actuacións en 9 vivendas de Caramoniña.

2. **Solicitud ao Consorcio da cidade de Santiago de prórroga da cesión de uso de espazos do Centro de Altos Estudos Musicais para a Escola Municipal de Música.** Acórdase solicitar:
 - a. A prórroga por 4 anos da autorización especial de uso concedida ao Concello do Centro de Altos Estudos Musicais, situado na Finca de Vista Alegre.
 - b. Que se realicen as actuacións pertinentes para outorgar ao concello unha concesión demanial directa e gratuíta sobre os citados espazos cando rematen eses 4 anos de prórroga ao non admitirse máis prórrogas.
 - c. Apróbese a previsión de gasto futuro por importe de 13.320,5 euros, corresponde ao período agosto-décembro, como aportación ao Consorcio polo gasto que xere a Escola Municipal de Música derivado da utilización para a mesma do Centro de Altos Estudos Musicais.
3. **Proposta de modificación de contrato privado de subscripción dunha póliza de seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do concello de Santiago, suscrito coa sociedade “Bilbao, compañía anónima de seguros y reaseguros”.** Acórdase dar de alta un vehículo na póliza de seguros, cun gasto de 90 euros, sempre que exista crédito suficiente.
4. **Proposta de aprobación do expediente denominado “Servizo de vixilancia de instalacións municipais:** Apróbese:
 - a. Lote I: vixilancia das dependencias da UMAD.
 - b. Lote II: Vixilancia do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II.
 - c. Lote III Control e mantemento dos sistemas de seguridade complementarios e verificación persoal de alarmas do estado municipal Verónica Boquete de San Lázaro.

Apróbese o gasto correspondente de apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 49.654,42 euros para o lote I; de 89.754,51 euros, para o lote II, e de 5.521,28 euros para o lote III (IVE aparte do 21% nos tres casos)
5. **Aprobación de catro convenios de colaboración entre o concello e as entidades comerciais para levar a cabo o programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro no marco do Plan de Reactivación Económica do concello de Santiago.** Apróbense:
 - a. Convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro –Area comercial por un importe de 29.166 euros. A vixencia do convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020
 - b. Convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Empresarios e profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental por un importe de 29.166 euros. A vixencia do convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020
 - c. Convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Em Rede por un importe de 5.000 euros. A vixencia do convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020

- d. Convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro por un importe de 33.666 euros. A vixencia do convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020

Son gastos subvencionables os derivados da compra dos bonos de aparcadoiro procedentes dos distintos aparcamentos da cidade, realizados efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020, data esta última de límite de xustificación.